



Pilar Rojo lamenta o falecemento de Neira Vilas e destaca o “valor excepcional” da súa obra

Santiago, 27 de novembro de 2015.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, lamenta o falecemento do escritor Xosé Neira Vilas. A xuízo da presidenta da Cámara, Neira Vilas ocupará un sitio preferente na historia das letras galegas como autor da obra máis lida, editada e traducida da literatura galega, *Memorias dun neno labrego*.

“Toda a obra literaria de Neira Vilas ten un valor excepcional, pero *Memorias dun neno labrego* constitúe unha crónica de valor extraordinario sobre a realidade da Galicia rural nun tempo pretérito”, afirma Pilar Rojo, ao tempo que destaca a contribución do escritor falecido á normalización da lingua galega e á posta en valor da cultura de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.